

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DO II CUMIO ACADÉMICO E DO COÑECEMENTO CELAC-UE (COMUNIDADE DE ESTADOS LATINOAMERICANOS E CARIBEÑOS – UNIÓN EUROPEA)

Santiago de Compostela, [data dixital]

COMPARECEN

Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (en adiante CONSELLERÍA), nomeada mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro (DOG núm. 185 do 27 de setembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A USC vén desenvolvendo un activo papel de difusión e coordinación de proxectos relacionados coa Investigación, Docencia e Desenvolvemento Científico e tecnolóxico.

Dentro destas actividades ocupa un lugar relevante o fomento e intercambio do diálogo, tanto a nivel nacional como internacional, para levar a cabo actividades e proxectos de investigación conxuntos no sector da educación superior. Neste intercambio de coñecementos ou na transferencia de tecnoloxías é preciso contar cun constante apoio institucional que favoreza a cooperación académica, tendo en conta os sistemas académicos de cada país ou rexión.

SEGUNDO.- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Universidades, ten entre os seus obxectivos principais, o apoio no impulso e modernización constante do Sistema Universitario de Galicia (SUG), promocionando a investigación e a innovación como eixos prioritarios dos plans do goberno galego.



TERCEIRO.- A Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños (CELAC) é un instrumento intergubernamental de diálogo e concertación política, integrado por países de América Latina e o Caribe, que ten entre as súas atribucións a interlocución e diálogo coa Unión Europea.

Os Cumios CELAC-UE reúnen aos dirixentes europeos, latinoamericanos e caribeños co obxecto de fortalecer as relacións entre ambas rexións a través de foros de diálogo e cooperación entre os Estados da Unión Europea e América Latina e o Caribe.

Entre os seus principais obxectivos está impulsar a cooperación e o desenvolvemento inclusivo da educación superior, cun acceso equitativo e de calidade, facilitando o intercambio de coñecementos e a transferencia de tecnoloxías, mediante o reforzo institucional, medidas de creación de capacidade e a mobilidade de estudantes, investigadores, expertos e persoal académico e administrativo. Así mesmo, fomentar a educación superior e aprendizaxe permanente, tendo en conta as necesidades da poboación máis nova e das persoas con discapacidade, segundo as características, prioridades, políticas de desenvolvemento e sistemas académicos de cada país.

CUARTO.- Tendo en conta os acordos acadados nos Cumios CELAC-UE así como os resultados das distintas reunións institucionais derivados dos mesmos, celebrouse en 2017 o I Cumio Académico e do Coñecemento CELAC-UE na Universidade de El Salvador, promovido pola Comisión Europea xunto co goberno salvadoreño na súa calidade de Presidencia Pro Tempore da CELAC. Nas súas sesións participaron cerca de 400 profesores, investigadores, estudantes e xestores universitarios, así como representantes e autoridades institucionais e políticas.

Os acordos alcanzados quedaron plasmados na *Declaración de San Salvador*, no que se recolle o ofrecemento do goberno galego como anfitrión do II Cumio Académico e do Coñecemento CELAC-UE.

No contexto da celebración deste Cumio, tamén na Universidade de San Salvador, tivo lugar a constitución do Consello Universitario CELAC-UE, como organización e foro institucional para o diálogo, a concertación e a cooperación entre universidades, consellos, conferencias, asociacións e redes universitarias. A *Declaración de San Salvador* encomendou ás institucións e redes da educación superior que integraron o Comité organizador do I Cumio Académico e do Coñecemento que, xunto co Consello Universitario CELAC-UE, tomaran as medidas precisas para o cumprimento dos acordos recollidos nesta.

A candidatura de Galicia como sede do II Cumio Académico e do Coñecemento formalizouse e aprobouse ante o Consello Universitario CELAC-UE, no Pleno da sesión celebrada en Guadalajara (México) o 23 de novembro de 2017.



QUINTO.- Que para garantir a produción dun intercambio científico por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias eficaces que xeren unha contorna favorable e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica. Para elo a Universidade de Santiago presenta unha proposta co obxectivo fortalecer un proceso de diálogo entre diversos actores interesados e dedicados á construción dun espazo birrexional de educación superior, ciencia, tecnoloxía e innovación.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería e a USC para a organización do II Cumio Académico e do Coñecemento CELAC-UE que se celebrará os días 25, 26 e 27 de marzo de 2020 en Santiago de Compostela.

A Universidade de Santiago de Compostela actuará como anfitrión académico e local, e será a institución responsable da organización do II Cumio Académico e do Coñecemento CELAC-UE, contando coa colaboración do resto de organismos implicados: Xunta de Galicia, Universidades da Coruña e Vigo, Consello Universitario CELAC-UE, Secretaría General Iberoamericana (SEGIB) e Consello Universitario Iberoamericano (CUIB).

O orzamento será de 352.900,00 €, coa seguinte distribución por anualidades:

ACTUACIÓNS			
	2019	2020	Total
Secretaría Técnica e dirección de programación	20.000,00	15.000,00	35.000,00
Creatividade, imprenta e material	5.000,00	0,00	5.000,00
Coordinación xeral e seguridade	6.000,00	7.000,00	13.000,00
Protocolo	12.000,00	68.000,00	80.000,00
Relatores e representantes institucionais	3.250,00	70.000,00	73.250,00
Promoción e comunicación	39.000,00	6.000,00	45.000,00
Medios externos, humanos, materiais e técnicos	0,00	50.650,00	50.650,00
Axenda social	0,00	51.000,00	51.000,00
Total	85.250,00	267.650,00	352.900,00



SEGUNDA.- Ámbito de colaboración

O II Cumio Académico e do Coñecemento promoverá, espazos de debate e reflexión sobre aspectos determinantes no fortalecemento da integración birrexional das institucións de educación superior no espazo euro-latinoamericano e caribeño.

Os eixos temáticos que articularán as sesións de traballo do II Cumio:

- Construindo o Espazo de Educación Superior euro-latinoamericano e caribeño.
- Unha Universidade comprometida coa axenda 2030: do papel á acción.
- Ciencia, Tecnoloxía e Innovación para a Sostibilidade.
- O reto da transformación dixital na Educación Superior.

Compromisos da Universidade de Santiago de Compostela

En virtude do acordado polas partes neste Convenio, a USC comprométese a levar a cabo a organización e celebración do II Cumio Académico e do Coñecemento de Santiago de Compostela nas datas indicadas na cláusula primeira. Concretamente:

- Organización e desenvolvemento dos eixos temáticos e das conferencias e paneis do II Cumio Académico e do Coñecemento.
- Organización e desenvolvemento das actividades complementarias relacionadas co Cumio.
- Organización da reunión do Pleno do Consello Universitario CELAC-UE e o Foro de Ministros e altas Autoridades de Educación Superior CELAC-UE, que celebrarán unha sesión conxunta de traballo.

Compromisos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional comprométese a contribuír ao financiamento dos gastos asociados á celebración e desenvolvemento do II Cumio Académico e do Coñecemento por importe de 352.900,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.40.561B. 744.0, distribuído nas anualidades 2019 e 2020, do orzamento de gastos da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional.



TERCEIRA.- Financiamento

A dotación da Consellería para este convenio é de oitenta e cinco mil douscentos cincuenta euros (85.250,00 €) na anualidade 2019 e de douscentos sesenta e sete mil seiscentos cincuenta euros (267.650,00 €) na anualidade 2020; o que fai un importe total de trescentos cincuenta e dous mil novecentos euros (352.900,00 €) con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (aprobado polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de outubro de 2015, DOG número 221, do 19 de novembro), aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0, código de proxecto (2016 00129).

ANUALIDADES	2019	2020	TOTAL
	85.250,00	267.650,00	352.900,00

Esta cantidade de 352.900,00 € trátase dun importe certo e corresponde ao financiamento das actividades recollidas neste convenio, estando ao disposto no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que, de modo indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, tales como:

- Apoio de medios externos (humanos, materiais e técnicos): alugueiro de salas da Cidade da Cultura; escenografía; sinalética, medios audiovisuais e técnicos, tradución simultánea, servizo de azafatas, etc.
- Secretaría Técnica e dirección de programación: elaboración lista participantes e criterios de ordenación; cartas invitación, agradecemento e información sobre o programa; xestión de inscricións, documentación e certificados; xestión de aloxamentos e traslados; xestión de viaxes transoceánicos e continentais e comidas; memoria do cumio; atención in situ, etc.
- Creatividade, imprenta e material para o cumio: deseño imaxe corporativa, programa e material xeral.
- Coordinación xeral, protocolo e seguridade.
- Gastos de relatores e representación institucional: aloxamentos, viaxes, transporte, traslados, etc.
- Actividades complementarias do cumio.
- Promoción e comunicación: viaxes , promoción e presentación do evento, prensa, páxina web, redes sociais, reportaxe fotográfica, etc.



A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

CUARTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento, a universidade achegará antes do 30 de novembro de cada anualidade:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos. En todo caso, a Universidade deberá custodiar e conservar toda a documentación xustificativa derivada dos compromisos deste convenio (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, xustificantes de transferencias bancarias ou calquera outra que sexa necesaria) e poñela a disposición do órgano xestor, ou demais órganos de control, no momento en que esta lle poida ser requirida.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria,



polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.
- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola consellería.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor coa sinatura dixital do último dos asinantes, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2019, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2020.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, corresponde á Xunta de



Galicia, a través da consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuacións deste convenio esténdese ás tres universidades galegas (UDC, USC e UVIGO) como promotoras do evento, actuando a USC como anfitroia académica e responsable efectiva da organización efectiva do cumio.

Este convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e realízase ao amparo do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio se axustan ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

NOVENA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.



A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As partes asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no mesmo, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicárase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano dixitalmente.

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

